

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

3722 *CORRECCIÓN de erros e erratas do Real decreto 56/2002, do 18 de xaneiro, polo que se regulan a circulación e utilización de materias primas para a alimentación animal e a circulación de pensos compostos. («BOE» 47, do 23-2-2002.)*

Advertidos erros e erratas no Real decreto 56/2002, do 18 de xaneiro, polo que se regulan a circulación e utilización de materias primas para a alimentación animal e a circulación de pensos compostos, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 2 en lingua galega, do 1 de febreiro de 2002, cómpre efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 371, columna dereita, artigo 5, número 1, letra c), onde di: «... no anexo IV...»; debe dicir: «... no anexo I...».

Na páxina 391, anexo V, parte B, columna primeira, fila segunda, onde di: «Pensos complementarios»; debe dicir: «Pensos complementarios minerais», e na columna segunda, fila segunda, debe suprimirse o termo «Minerais».

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

3982 *ORDE APA/402/2002, do 20 de febreiro, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 1999/1995, do 7 de decembro, relativo ós alimentos para animais destinados a obxectivos de nutrición específicos. («BOE» 51, do 28-2-2002.)*

A Directiva 2002/1/CE, da Comisión, do 7 de xaneiro, que modifica a Directiva 94/39/CE polo que se refire ós alimentos para animais destinados á axuda á función hepática en caso de insuficiencia hepática crónica, ten como obxectivo recolle-lo resultado de determinadas investigacións científicas, que demostraron que non é necesario reducir ou modera-lo nivel de graxa dos ali-

mentos destinados á axuda á función hepática, en caso de insuficiencia hepática crónica en gatos e cans.

A Directiva 94/39/CE, do Consello, do 25 de xullo, pola que se establece unha lista de usos previstos dos alimentos para animais destinados a obxectivos de nutrición específicos, antes citada, foi incorporada ó noso ordenamento xurídico polo Real decreto 1999/1995, do 7 de decembro, relativo ós alimentos para animais destinados a obxectivos de nutrición específicos. En consecuencia, o anexo I do citado real decreto debe ser modificado para a súa adaptación á nova disposición comunitaria.

A disposición derradeira primeira do Real decreto 1999/1995, faculta o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para que, no ámbito das súas competencias, poida dicta-las disposicións necesarias para adaptalo contido dos seus anexos ás correspondentes modificacións da normativa comunitaria.

Esta orde incorpora ó ordenamento xurídico a Directiva 2002/1/CE, do 7 de xaneiro, que modifica a Directiva 94/39/CE polo que se refire ós alimentos para animais destinados á axuda á función hepática en caso de insuficiencia hepática crónica.

Na tramitación desta norma foron consultados os sectores afectados e as comunidades autónomas.

Esta orde dítase ó amparo da competencia normativa que o artigo 149.1.16.^a da Constitución reserva ó Estado en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único.

Modificación do anexo I do Real decreto 1999/1995.

O anexo I do Real decreto 1999/1995, relativo ós alimentos para animais destinados a obxectivos de nutrición específicos, quedará modificado da seguinte forma:

Na parte B do citado anexo, o texto do obxectivo de nutrición específico «Axuda á función hepática en caso de insuficiencia hepática crónica», en relación con cans e gatos, substitúese polo anexo desta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 20 de febreiro de 2002.

ARIAS CAÑETE